

Hai un fío que une ecoloxía e democracia, desde os anos das loitas populares contra o réxime de Franco, que a catástrofe do *Prestige* fai emerxer cunha intensidade e claridade novas. Para que o movemento cidadán de resposta ao afundimento do petroleiro acadase a intensidade que tivo, precisouse dunha acumulación catastrófica de eventos semellantes, con nomes propios: *Urquirola*, *Cason*, *Mar Exeo*... Pero non só: tamén foron necesarios os traballos de dúas xeracións de activismo ecoloxista, en condicións máis que precarias, asociados a un conxunto de loitas veciñais, políticas e da cultura.

# NO PAÍS DO NUNCA MÁIS: ECOLOXÍA E DEMOCRACIA

A contaminación ten unha historia. No seu sentido actual, é un termo que colle forza mediados os anos setenta. Alí comeza a crebar o relato do progreso vencellado á ideoloxía do desenvolvemento franquista. En resposta, ábrese paso un modo de imaxinación complexa das relacións coa natureza, baseado na sustentabilidade e na común dependencia. É algo que os vellos ben sabían. Os novos queren lelo nas páxinas das publicacións contraculturais aparecidas tras a morte de Franco (*fanzines*, revistas, libros autoeditados...). O afundimento do Urquirola coincide coas folgas salvaxes do 1976. A marea negra do *Andros Patria* parece celebrar aprobación da Constitución. A Transición parece levar un camiño pero a natureza outro. Vencellada ao nuclear e ao petróleo, emerxe neses anos a noción de «catástrofe ecolóxica»: o lugar exacto onde as fantasías do crecemento ilimitado baten contra a realidade limitada e sensible do mundo, destruindo os medios naturais e as súas formas de vida.

Desde os anos cincuenta, o petróleo representaba promesas dunha abundancia sen límite. Estas sumábanse ás das centrais térmicas e hidroeléctricas, impostas pola forza no Franquismo. Xa daquela, cidadáns e veciños organizábanse para defender as súas contornas «tradicionais» das forzas extractivas do progreso. Tras a morte de Franco aumentaron as súas oportunidades de éxito, como amosan os documentais *underground* da transición. Neles, asistimos ás loitas dos veciños en defensa dos seus montes comunais, ás protestas contra a construción da central de Xove ou contra a mina das Encrobas, ou ás navegacións do *Xurelo* contra os vertidos radioactivos na fosa atlántica. Aproveitando as liberdades de asociación e publicación, unha marea de imaxes acompaña nos anos seguintes as accións dos colectivos ambientalistas. Hoxe a gráfica ecoloxista galega conta cunha traxectoria de 50 anos nos que as loitas e as formas que as expresan mudan, evolúen e regresan. Iso é certo tamén a propósito das imaxes do movemento *Nunca Máis*: nelas conflúen as tradicións das loitas pola natureza, abríndose cara o futuro.



## A FLOTILLA DA MORTE

No decembro de 2002, no CEIP Cruceiro de Vilalonga, un conxunto de rapaces preparan a función de Nadal ou o entroido. Portan estandartes como emblemas con barcos de nomes proscritos: *Polycomander*, *Urquirola*, *Andros Patria*, *Casón*, *Mar Exeo*, *Prestige*. Forman unha flotilla de mortos que, como a Estantiga, agarda polo seguinte para levarlle a cruz, e por iso o último navío non ten nome aínda escrito. Mentres, outros estudantes movían un mar de plástico para representar a treboada na que afundiría o *Prestige*. Outros vestíranse de voluntarios ou levaban bandeiras de protesta. Deste xeito, un pobo infantil aprendía a loitar contra o piche usando a maxia das palabras e das formas. Así, os barcos que os estudantes erguían remitían aos barcos peneirados nas igrexas mariñás para agradecer a supervivencia ante un naufraxio. Pero os nomes dos barcos aquí son maldicións, anos de aldraxes, traballos e catástrofes. A súa enumeración activa unha conciencia histórica, unha «memoria da noite» (Luar na Lubre). Porque a historia opera tamén por acumulación: deste xeito, o 10 de xaneiro de 1993 «milleiros de persoas manifestáranse na Coruña pola marea negra ao berro de ¡Nunca Máis!» (*El País*). E, finalmente, no 2002, aquel berro, xa usado despois do Mar Exeo, retornou para establecer o nome do seu tempo.



No decembro de 2002, no CEIP Cruceiro de Vilalonga, un conxunto de rapaces preparan a función de Nadal.



Accidente do petroleiro Mar Exeo, A Coruña, 3 de decembro de 1993.

## AS FORMAS DUNHAS LOITAS: A CONSTRUCCIÓN MURAL DUNHA CONCIENCIA ECOLÓXICA

A ecoloxía como unha constelación: comisariado e deseñado por Anxo Rabuñal, esta parede gráfica ofrece un percorrido pola construción dunha conciencia ambientalista, a partir dunha galaxia de iniciativas concretas, de loitas e demandas singulares, acometidas por diversos colectivos, cristalizadas cada unha na súa propia forma. Xuntos, estes deseños riman, falan entre si ou discuten. Forman unha tea de araña ao servizo dun facer e dun sentir ecolóxicos que, ós poucos, vai prendendo. Este constrúese tamén por medio de revistas como *Teima*, *A nosa Terra*, *Can sen Dono*, ou *Ajoblanco*, *Ozono*, *El ecologista*, e a través de libros, fotocopias e panfletos. Trátase no seu conxunto dunha galaxia de pasquins, autocolantes, cartaces, pancartas e humor gráfico, que amosa a proliferación característica das formas e dispositivos na protesta popular, coma os charcos entre os cons cando marcha unha ola.

É a mesma marea cidadá a que tamén cristaliza nas formas efémeras do Nunca Máis. A única historia posible da ecoloxía ha de se escribir en pingas, e ao longo de varias décadas. As súas loitas seguen a ser aínda as nosas, as reclamacións polo uso da bicicleta, a defensa dos ecosistemas propios, da fauna e da flora, dos mares e dos seus habitantes, a protección das baleas, o fin dos vertidos contaminantes, das aves migratorias, a batalla contra a enerxía nuclear e os seus residuos, a oposición a un desenvolvemento en base a megaestructuras e urbanización excesivas, a preservación dos espazos comunais e da riqueza ecolóxica e paisaxística que teñen e, finalmente, a conciencia de que o coidado do medioambiente require o remate das guerras como ferramenta política e como industria.



Portadas da revista El ecologista.



Xorde, a partir deste trezado de experiencias e signos, unha conciencia civil que cuestiona o mito do progreso como a rúa de sentido único pola que ten que transcorrer a historia, confrontado o crecemento e a acumulación como magnitudes máxicas. Asíumese a defensa dos límites ecosistémicos desde a conciencia de que o capital xorde da explotación dos bens comunais no nome de intereses privados disfrazados de públicos. Esa explotación toma a forma dunha expropiación, que vai acadando formas e forzas distintas para se consumir, unhas veces legalizadas e outras non. A conciencia desa continuidade no roubo e na violencia, entre o franquismo e a democracia, entre os anos setenta e os dousmiles, produce unha repetición das formas, unha herdanza. Este é o caso da pancarta de «PPTroleiros Nunca Máis», creada no entorno do Nunca Máis de Nigrán, que activa explícitamente a memoria ecoloxista dos anos setenta («Nucleares Non Grazas»).



Pancarta «PPTroleiros Nunca Máis». Nunca Máis Nigrán-Val Miñor.

## UNHA ARTE DA NATUREZA: OS MECOS DO REFUGALLO

As formas artísticas tradicionais na cultura popular medran no fío entre arte e natureza, traballo e ritual, festa e culto. Esta continuidade a modernidade foina esgallando e contra esa cesura responderon moitos artistas críticos. Parte da estética supostamente *naïf*, *brut* ou marxinal é considerada deste xeito precisamente pola súa capacidade de recoser tal cesura nas súas prácticas, devolvendo as formas ao seu medio ou aprendendo da relación formal entre un ecosistema e unha comunidade. A case totalidade das prácticas artísticas vencelladas ao *Nunca Máis* responden positivamente a esta necesidade de recomposición. Pero a existencia dunha arte *curativa* do seu medio natural é case tan antiga como as ameazas que tal medio recibe.

### WILY

Un caso singular no contexto galego é a obra escultórica de Wily (Antonio Taboada Ferradás, Botos, Lalín, 1962-2006), feita fundamentalmente en madeira. Fronte á transformación dos montes en plantacións de eucalipto, coa mesma motoserra Wily trouxo de volta na súa obra, mutiladas, as formas comunais, os *fantoques* e *espantallos*, os Santos de Pau, os mecos. Cando os campos e as cidades se encheron de plásticos e metais, televisións, teléfonos, Wily comezou a elaborar figuríns mutantes, case *cyborgs*. Os seus seres de plástico son un híbrido entre estatua e tarabela, feitos para vivir a ceo aberto, a que a luz os atravesa; formas feitas co desexo de «que puidesen estar inseridas nun bosque». Fican como testemuñas da destrución dun tempo, son os restos dunha devastación ecolóxica e cultural que nos implica. Wily, ademais, foi capaz de combinar as letras do «Nunca Máis» nunha peza colorista e visionaria.



Wily. Negro azul con corbato. Escultura de madeira.



## OLLADAS EN MOVEMENTO: DOCUMENTAIS DAS LOITAS ECOLOXISTAS DA TRANSICIÓN

Cómpre salientar a importancia dos documentais como xénero en dous sentidos. Neles cífrase en tempo real as voces e feitos non contados polo audiovisual franquista: son así unha fonte de información cidadá na loita pola democracia fronte aos intereses do estado. Ademais, constitúen hoxe unha proba de vida do movemento veciñal e ecoloxista, a demostración de que houbo resistencias e proxectos alternativos. Demostran que o modelo de desenvolvemento autoritario baseado na explotación contaminante dos recursos naturais e nas grandes infraestruturas foi, polo menos en parte, unha opción política contestada e imposta.

### CINE CLUBE CARLOS VARELA RAMIRO LEDO 2005

A recuperación desta metraxe amosa un vivo panorama de época a partir do arquivo fílmico do cineasta da UPG Carlos Varela. Este, nos anos da transición, filmou coa súa cámara as mobilizacións da mocidade nacionalista, as festas do 25 de Xullo e as loitas veciñais, no máis conseguido exemplo de cine militante da época. Varela abre a cámara ao seu tempo, e por alí desfilan instantes luminosos, risos e nenos, pancartas e murais, o boneco Facundo, as marchas exitosas contra a nuclear de Xove e a dura represión nas Encrobas, entre noticias da organización do sindicalismo agrario e as súas tractoradas, nun marco onde se fala aínda de soberanía, capitalismo, colonialidade e onde galeguismo e ecoloxismo podían ir da man.



Imaxes do documental CCCV Cine Clube Carlos Varela: Ramiro Ledo 2005.

Tamén nese contexto a presenza do cineasta Llorenç Soler resulta chave en cintas en super-8 como *O Monte é noso* (1977) e *Autopistas, unha navallada na nosa terra* (1977), feitas ao redor das loitas en defensa dos comunais galegos, ameazados dun lado pola expropiación das grandes empresas e doutro da súa inserción nun novo modelo produtivo, que poderíamos resumir como «monocultivo de eucalipto», amosando como as diferentes crises ecolóxicas se van unindo, activando ao tempo alianzas.

No caso dos veciños de Vilaboa, como en Xove, ou nas Encrobas, como tamén moitos anos despois no movemento Nunca Máis, atopamos un mesmo modelo de reticulación complexa: a unión no conflito mediante transferencia de saberes que veñen da organización local e do mundo do traballo, da asesoría técnica, da mobilización e das organizacións políticas, das tácticas de contrainformación e do accionismo cultural. O obxectivo era gañar a simpatía das audiencias urbanas. E iso era máis fácil nun moments onde no ecosistema mediático as voces críticas e comprometidas tiñan máis espazos.



Imaxes do documental O monte é noso. Llorenç Soler, 1977.

Outro dos documentos fundamentais da época implica a navegación do barco palangreiro O Xurelo, que en 1981, desafiando ás autoridades marítimas, foi capaz de documentar a existencia dunha vertedoiro nuclear, onde ingleses, belgas, alemáns e holandeses deitaban os residuos das súas centrais, só a 550 quilómetros das costas galegas. Nunha segunda viaxe, en 1982, na primeira acción coordinada do movemento ecoloxista ibérico con Greenpeace, os ecoloxistas foron directamente abordados e detidos. Pero a súa loita chegou o gran público e acadou como recompensa o final dos vertidos no ano de 1983. Nacía tamén a conciencia de que o Atlántico «Sur» era tratado como unha colonia acuática polas potencias globais.

## AS LOITAS NUNCA CONCLÚEN: CONTINUÁN, RECÓRDANSE, RECOMEZAN

No documental *As encrobas, a ceo aberto* (2007), Xosé Bocixa Rei indaga nas continuidades e discontinuidades na memoria das loitas ecoloxistas da transición a partir do caso das Encrobas, un conflito no que os veciños lograron obrigar a Fenosa a indemnizar as expropiacións das terras sobre as que se ía abrir unha contaminante mina de carbón. O episodio dá conta da continuidade en democracia do método de desenvolvemento franquista: a alianza autoritaria dos intereses privados e os resortes estatais para a explotación dos recursos naturais contra a vontade das comunidades. Nos anos setenta esa loita virou unha icona da alianza exitosa entre o movemento veciñal, o asociacionismo agrario, as organizacións políticas e os saberes técnicos dunha xeración antifranquista no contexto do auxo do galeguismo. Pero hai unha segunda parte da historia, na que a empresa non cumpre plenamente os acordos, e outras fábricas contaminantes, como Sogama, vanse asentando na parroquia destruindo as condicións de vida dos seus últimos habitantes. Os lixiviados, e a polución da cheminea de Lignitos («o chapapote que chega do ceo» segundo *La Voz*) falan da continuidade no país dun modelo extractivista.



Acto de homenaxe en As Encrobas, 20 feb 2017. Fotografía de Ana García.

A fundación en 1987 da Asociación Pola Defensa da Ría respondía á degradación do entorno ambiental de Pontevedra, despois de décadas de explotación continuada. As súas reclamacións focalízanse no papel contaminante da planta de ENCE-ELNOSA nos areais de Lourizán, imposta en 1956 pola Ditadura sobre espazos comunais con gran violencia, como conta o documental *O Paraíso Roucado* (Lukas Santiago, 2017). O labirinto xurídico e administrativo e o apoio político garantiron a continuidade da fábrica, pero tamén da loita contra a mesma, recordando a continuidade dos modelos de xestión ecolóxica a ámbolos lados do franquismo. Desde entón, con sucesivas capas represivas téñense imposto diversas infraestruturas sobre a parroquia de Os Praceres, facendo deses lugares un territorio castigado. Con enterros paródicos, gráfica popular, obras de teatro, lenzos, Sereas, Cometas e flotas de barquiños de papel os veciños e a APDR proseguen as súas demandas.

As novas loitas nacen e beben das vellas, pero hérdanse tamén as ameazas. Igual que hai unha historia de vertidos de petróleo acumulados, hai unha historia de contaminacións e erosións amoreadas. Sobre as mesmas parroquias que se defenden, caen novos castigos. Co comezo dun novo ciclo extractivo, chega outro ciclo de loitas. Dez anos despois do afundimento do Prestige, a crise do 2012 representa o final dunha devastación baseada na especulación inmobiliaria e as megaconstrucións. Pero tamén o comezo doutro ciclo desposesivo, afincado desta volta na minería e nos macroproxectos eólicos.



Mina Non. Pexigina de Contramínate da Plataforma Pola Defensa de Corcoesto e Bergantiños.

### CONTRAMÍNATE

Contramínate nace como un colectivo de veciños de Laxe (na Costa da Morte) que, en febreiro de 2013, intentaron parar un proxecto mineiro a ceo aberto (Cabana de Bergantiños), xunto coa Plataforma pola Defensa de Corcoesto e Bergantiños. «Non podes comer diñeiro» é unha das súas ideas forza, que afirma que as fontes de vida son as verdadeiras fontes de riqueza. Fronte á rapina dos recursos mineiros, deféndese a complexidade do ecosistema, a unión entre vida e territorio, a través de mobilizacións, accións en rede, pancartas, mapas e camisetas.



Protestas da Plataforma Pola Defensa de Corcoesto e Bergantiños contra a mina na Festa da Pataca de Coristanco, 2013.

### MINA NON

En 2017 a crise global de materias primas fai atractivos reabrir xacementos antigos e esperta unha nova febre extractiva no estado español e na Xunta de Galicia. Nace daquela a plataforma veciñal Mina Non, para tentar frear a reapertura dunha mina de cobre a ceo aberto que xa funcionara entre 1976 e 1986 nos concellos de Touro e O Pino, con importantes costes medioambientais. As loitas ecolóxicas conéctanse no tempo pero tamén se fian os ciclos desposesivos vencellados á destrución do medioambiente. En colaboración coa Plataforma pola Defensa da Ría de Arousa, a agrupación Mina Non organizou manifestacións moi concorridas. Nelas acudiron activistas disfrazados de esqueletos con gadañas, aletexou a famosa *Gaivota Petroleada* do Prestige, e reapareceron as vellas consignas do movemento antinuclear. O colectivo hoxe tamén pon o foco sobre os custes ambientais dos proxectos de construción de megaparcos eólicos disfrazados de iniciativas verdes.



Manifestación contra a mina de Touro-O Pino. 25 de febreiro de 2018, Touro.